



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

**Expediente: 2022/G010/000008**

Valdoviño, 10 de marzo de 2022.

Hora: 10:30

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión extraordinaria e urxente, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández (PsdeG-PSOE) os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa (PSOE)

Germán Gómez Senra

Ana Belén Pérez Fernández

M<sup>o</sup> Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asistn por causas xustificadas don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro. A celebración da sesión ten lugar na Casa Consistorial de Valdoviño.

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENZA.-**

Sometida a votación o carácter urxente da sesión motivado pola conveniencia de rematar canto antes as obras no edificio de usos múltiples para destinalo ao seu uso, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (12 concelleiros dos 13 que conforman a Corporación) acordaron a ratificación da urxenza da sesión.

**2º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “FASE III: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO”.- ADXUDICACIÓN.-**

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN:

**“Expte. 2021/C003/000002**

Proxecto redactado polos arquitectos Sergio Jesús Beceiro Lodeiro e María Rosa Vilas Romalde da entidade “Estudio Anta Arquitectos S.L.P.

Orzamento sen IVE.- 806.358,51 euros

IVE (21%).- 169.335,29 euros

Orzamento total.- 975.693,80 euros

Aprobado polo Pleno da Corporación o expediente de contratación para as obras referidas, por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados automáticamente.

Aperturado o Sobre Único e Vista a acta da Mesa de Contratación; na que consta o seguinte contido literal:

*“En primer lugar tomase coñecemento de que fai a súa oferta un único licitador durante o prazo de licitación establecido:*

**OBRAS GALLAECIA S.L.**

*De seguido procedese á apertura do sobre electrónico (sobre único) no que se constata que contén a declaración conforme ao ANEXO I.- Declaracións responsables e oferta económica suxeita a criterios avaliados automáticamente; do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o procedemento.*

*Comprobase que a empresa está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público; que o firmante da proposición Francisco Gómez Portela ten poder bastante para presentar a oferta; que as prestacións obxecto do contrato están comprendidas no obxecto social da entidade licitadora; que se acredita no certificado extraído que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non constando causa de prohibición de contratar tipificada no artigo 71.1 d) da LCSP; que posúe a clasificación correspondente:*

*Grupo C. Edificacións. Subgrupo o3 Estructuras metálicas. Categoría 4.*

*Trala apertura da proposición, non observándose ningún defecto, remitiuse a oferta a servizo técnico para a súa avaliación; emitindo o técnico o seguinte informe, no que conclúe:*

**“ANÁLISIS DE LA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR LOS LICITADORES**

A continuación, se resumen los aspectos principales observados en la oferta presentada, que sirven de base para la valoración, según los criterios establecidos en el Pliego.

OBRAS GALLAECIA, SL

**EXPERIENCIA DO EQUIPO TECNICO ADSCRITO AO CONTRATO: ATA  
51 PUNTOS**

El sobre único de la oferta incluye, en el apartado c) del modelo ANEXO I, una tabla con indicación del equipo técnico ofertado:

Experiencia en obra de edificación general:

Jefe de obra: “0 meses a maiores dos 84 meses mínimos”, resultando una puntuación de 0 puntos sobre 9 posibles.

Encargado de obra: “0 meses a maiores dos 84 meses mínimos”, resultando una puntuación de 0 puntos sobre 9 posibles.

- Experiencia en edificación con elementos estructurales de tableros contralaminados o madera estructural:

Jefe de obra: “0 euros PEM superior ao mínimo esixido”, resultando una puntuación de 0 puntos sobre 9 posibles

Encargado de obra: “0 euros PEM superior ao mínimo esixido”, resultando una puntuación de 0 puntos sobre 9 posibles.

Montadores de estructura de madera: NO SE INDICA: Se considera, por tanto, una puntuación de 0 puntos sobre 15 posibles

Puntuación en apartado de experiencia del equipo técnico: 0 puntos sobre 51 posibles.

**OFERTA ECONÓMICA: ATA 30 PUNTOS**

Se oferta un precio sin IVA de 805.297,29 €, que supone una baja de 1.061,22 €, igual al 0,1316% respecto al Presupuesto base de licitación sin IVA.

La oferta económica no incurre en ninguno de los supuestos establecidos en el artículo 85 del RD 1098/2001 de 12 de octubre por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos, para la determinación de ofertas anormales o desproporcionadas.

Dado que es la única oferta presentada, también es la más baja, correspondiendo una puntuación de 30 puntos sobre 30 posibles.

**REDUCCIÓN NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: ATA 10 PUNTOS.**

Se oferta un plazo de 270 días naturales, lo que supone una reducción de 60 días sobre el plazo establecido en el pliego.

La reducción ofertada se encuentra dentro de los límites establecidos en el Pliego, otorgando, de acuerdo al artículo 12.3, una puntuación de 10 puntos sobre 10 posibles.

## GARANTÍAS ADICIONAIS OFERTADAS POLO CONTRATISTA: ATA 9 PUNTOS

Se oferta una ampliación del plazo de garantía de 3 años adicionales al mínimo de 1 año, con un total de 4 años.

La ampliación ofertada se encuentra dentro de los límites establecidos en el Pliego, otorgando, de acuerdo al artículo 12.4, una puntuación de 9 puntos sobre 9 posibles.

### VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

-En la tabla siguiente se incluye la valoración de las ofertas estudiadas, de acuerdo a los criterios establecidos en el PCAP.

CRITERIO	PUNTUAC . MAX	OBRAS GALLAECIA, S.L.
<b>EXPERIENCIA DEL EQUIPO TÉCNICO ADSCRITO AL CONTRATO</b>	51	0
<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	30	30
<b>REDUCCIÓN EN EL PLAZO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS</b>	10	10
<b>GARANTÍAS ADICIONALES OFERTADAS POR EL CONTRATISTA</b>	9	9
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>49</b>

De donde se deduce que la oferta presentada por la empresa OBRAS GALLAECIA, S.L., única presentada, es la más ventajosa.

Según la cláusula decimotercera del PCAP del contrato:

*“A adxudicación do contrato será realizada polo órgano de contratación, a proposta da mesa de contratación quen clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas.*

*A tal efecto a Mesa de Contratación comprobará a documentación presentada e a información que se reflicta no (\*) Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular que:*

*1º.- A empresa está debidamente constituída e ten capacidade de obrar e que as prestacións obxecto do contrato están comprendidas dentro dos seus fins e obxecto social.*

*2º.- Que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e que non se atopa en situación de prohibición de contratar.*

3º.- Que a empresa se atopa de alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato e ao corrente no seu pagamento, se fose o caso.

4º.- Que a empresa se atopa ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social tendo en conta a data de validez dos correspondentes certificados que consten nos ditos rexistros.

5º.- Que ten a clasificación esixida no prego de cláusulas administrativas.

6º.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a recollida, de ser o caso, nos artigos 67, 68, 69.5, 84.2 e 3., 159.4 g) e Disposición adicional décimo sexta letra k).

7º.- Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

8º.- Requirirase para que no prazo de 7 días hábiles se acredite, se fose o caso, a dispoñibilidade efectiva dos medios persoais e/ou materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato así como a acreditación de ter constituído a garantía definitiva.”

## CONCLUSIÓN

**Se considera que el presente documento da cumprimento a los requerimientos del mismo, por lo que se eleva a la mesa de contratación para los efectos oportunos.”**

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**1º.- PROPOÑER** ao Órgano de Contratación adxudicar o contrato de obras da Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario a OBRAS GALLAECIA SL B70018981, inscrita no ROLECE co número 72667, de acordo coa oferta presentada polo licitador; que é a seguinte:

Prezo sen IVE: 805.297,29€

IVE (21%): 169.112,43€

Prezo total IVE incluído: 974.409,72€

Prazo de execución.- 270 días naturais.

Outras condicións de adxudicación.- Conforme as pregos que rexen a contratación, o proxecto técnico e a propia oferta do licitador.

**2º.- PREVIAMENTE Á ADXUDICACIÓN REQUERIRASE** á empresa para que constituía a garantía definitiva, do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, e presente a dispoñibilidade dos medios persoais e/ou materiais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato, conforme se sinala na cláusula décimo terceira, punto 8º do prego de cláusulas administrativas particulares da contratación, todo elo no prazo de SETE DÍAS HÁBILES (7) a contar dende o envío da notificación.

**3º.- De conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a oferta procedendo neste cao á aplicación do disposto no prego en consonancia co estipulado na Lei de Contratos do Sector Público”**

O Pleno da Corporación en sesión do 25.11.21, acordara:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta feita pola Mesa de Contratación, para a adxudicación do contrato a OBRAS GALLAECIA S.L, segundo se especifica no punto 1º do acordo da Mesa.

**SEGUNDO.-** Requerir ao licitador previamente á adxudicación a presentación da documentación especificada no punto 2º do acordo da Mesa de Contratación.

**TERCEIRO.-** O adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria con esta entidade local, polo que de oficio comprobará o cumprimento de dita obriga.

**CUARTO.-** Presentada a documentación requirida polo licitador e acreditados os extremos sobre as obrigas co concello, someterase ao órgano de contratación (Pleno) a correspondente proposta de adxudicación.”

Requerido o licitador, éste presenta a documentación en prazo o 9.12.21 (registro entrada 202199900001867), constituindo a garantía definitiva por importe de 40.264,87 euros.

Constan no expediente informes de non débedas da empresa co Concello, expedidos pola tesoureira municipal e pola Deputación Provincial da Coruña.

Examinada a dita documentación, Visto informe da intervención municipal de data 26.12.2021, e trasladada a documentación a técnico municipal, emite o seguinte informe:

“....

#### **INFORMA:**

**I.** O Pleno da Corporación deste Concello, en sesión extraordinaria e urxente do día 25.10.2021 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1º Aprobar como adxudicatario do contrato da obra “Fase 3: Ampliación do edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario” á empresa OBRAS GALLAECIA S.L.

2º Requerir á empresa licitadora para que presente, previamente á adxudicación, entre outra documentación a xustificación da dispoñibilidade dos medios persoais e/ou materiais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato, consonte ao sinalado na cláusula 13.8 do Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación (PCAP).

**II.** O día 9.12.2021 e con núm. de registro 202199900001867 a empresa licitadora presentou a documentación mencionado no apartado anterior, que foi trasladada a este técnico para o seu informe o día 4.01.2022.

**III.** A cláusula 13.8 do PCAP do presente contrato, establece a documentación que deberá presentar a empresa proposta para a adxudicación, para acreditar a dispoñibilidade efectiva dos medios persoais (apartado A) e materiais (apartado B) inicialmente ofertados.

**IV.** A continuación faise unha análise da documentación presentada pola empresa OBRAS GALLAECIA S.L., seguindo a orde de contidos establecido na cláusula 13.8 e comprobando o cumprimento das esixencias mínimas establecidas para o presente contrato establecidas na cláusula 6.2 do PCAP:

<b>A. Medios persoais</b>
---------------------------

1. Escrito segundo modelo, asinado polo licitador da dispoñibilidade dos medios humanos cos requisitos esixidos no PCAP, indicando os traballadores incluídos na oferta:

**Achégase dito escrito**, asinado por Francisco Gómez Portela, como representante da empresa, coa seguinte relación de traballadores:

RELACIÓN DE TRABALLADORES	
XEFE DE OBRA (X.O.)	<b>Rubén Bodaño Chenlo</b>
ADXUNTO XEFE DE OBRA (A.X.O.) -se é o caso-	<b>Jorge Méndez Lema</b>
ENCARGADO DE OBRA (E.O.)	<b>Javier Prieto Nieves</b>
ADXUNTO AO ENCARGADO DE OBRA (A.E.O.) -se é o caso-	----- (*1)
MONTADOR ESTRUTURA DE MADEIRA 1 (M.E.1)	<b>Manuel Carneiro Suárez</b>
MONTADOR ESTRUTURA DE MADEIRA 2 (M.E.2)	<b>Francisco Javier Loureiro García</b>

(\*1) Non se indica ningún traballador adxunto ao encargado de obra na relación, porén si se incorpora na táboa esixida no apartado 6 e no escrito de compromiso asinado polos traballadores esixido no apartado 2 (Carlos Martínez Riveiro).

**Cúmprese cos medios humanos mínimos** fixados na cláusula 6.2.A do PCAP (xefe de obra, encargado de obra e montadores de estrutura de madeira)

2. Compromiso de dispoñibilidade asinado polos traballadores: **Incorpórase** asinado polos 6 traballadores indicados no apartado anterior e polo representante da empresa.

3. DNI dos traballadores, 4. Copia das titulacións esixidas e 5. Currículum vitae de tódolos traballadores:

Achégase a continuación unha táboa de comprobación:

TRABALLADOR	DNI	TITULACIÓN		C.V.
		ESIXIDA	ACHEGADA	
<b>Rubén Bodaño Chenlo (X.O.)</b>	Si	Arq.tec., aparellador, arquitecto	Arquitecto técnico	Si
<b>Jorge Méndez Lema (A.X.O.)</b>	Si	Arq.tec., aparellador, arquitecto	<b>Enxeñeiro en obras públicas</b>	Si
<b>Javier Prieto Nieves (E.O.)</b>	Non	Formación profesional	<b>Non</b>	<b>Non</b>
<b>Carlos Martínez Riveiro</b>	Si	Formación profesional	Si	Si

(A.E.O.)				
<b>Manuel Carneiro Suárez (M.E.1)</b>	Si	Non se esixe	-----	Si
<b>Fco. Javier Loureiro García (M.E.2)</b>	Si	Non se esixe	-----	Si

Como resumo destes apartados mencionar que **non se cumpre coa titulación esixida** para o posto de adxunto de xefe de obra segundo a cláusula 6.2.A do PCAP (aínda que non é un traballador que sexa obrigatorio incorporar), e **non se achega** a documentación relativa ao encargado de obra, traballador que si é obrigatorio incorporar.

**Non se identifica** na documentación presentada polo licitador, ningún técnico con coñecementos do software CADWORK (especializado en estruturas de madeira), segundo se esixe na cláusula 6.1.A do PCAP.

**6. Táboa para a valoración da experiencia mínima dos traballadores propostos, indicando os seguintes datos:**

. Para obras de edificación en xeral e para os postos de xefe de obra, adxunto ao xefe de obra, encargado de obra e adxunto do encargado de obra: título e localización da obra, promotor e data de inicio e fin de obra.

. Para obras en edificación con elementos estruturais en madeira e para todos os postos de traballo: título e localización da obra, data de inicio e fin de obra, promotor, descrición das partidas estruturais en madeira e presuposto de execución material das partida anteriores.

**Achegouse** por parte do promotor a táboa esixida, resumíndose a continuación os datos incorporados:

POSTO DE TRABALLO	MÍNIMA EXPERIENCIA ESIXIDA		EXPERIENCIA ACHEGADA	
	EDIF. XERAL	EDIF. MADEIRA	EDIF. XERAL	EDIF. MADEIRA
<b>Xefe de obra:</b> Rubén Bodaño Chenlo Arquitecto técnico	84 meses	2 obras PEM ≥ 200.000 €	137 meses	3 obras PEM =211.682,59 €  <b>Computable:</b> <b>2 obras</b> PEM =191.382,15 € <b>(*1)</b>
<b>Adxunto ao xefe de obra:</b>	-----	-----	<b>(*2)</b>	Non se achega



Jorge Méndez Lema Enxeñeiro en obras públicas				
--	--	--	--	--

POSTO DE TRABALLO	MÍNIMA EXPERIENCIA ESIXIDA		EXPERIENCIA ACHEGADA	
	EDIF. XERAL	EDIF. MADEIRA	EDIF. XERAL	EDIF. MADEIRA
<b>Encargado de obra:</b> Javier Prieto Nieves Delineante (*3)	84 meses	2 obras PEM ≥ 200.000 €	173 meses	3 obras PEM =211.682,59 €  <b>Computable:</b> <b>2 obras</b> <b>PEM</b> <b>=191.382,15 €</b> <b>(*4)</b>
<b>Adxunto ao xefe de obra:</b> Carlos Martínez Riveiro Delineante	-----	-----	<b>(*5)</b>	Non se achega
<b>Montador estrutura madeira 1</b> Manuel Carneiro Suárez	Non se esixe	2 obras PEM ≥ 40.000 €	-----	2 obras PEM =82.366,69 €  <b>Computable:</b> <b>1 obra</b> <b>PEM</b> <b>=40.293,49 €</b> <b>(*6)</b>
<b>Montador estrutura madeira 2</b> Fco. Javier Loureiro García	Non se esixe	2 obras PEM ≥ 40.000 €	-----	2 obras PEM =82.366,69 €  <b>Computable:</b>

				<b>1 obra</b> <b>PEM</b> <b>=40.293,49 €</b> <b>(*6)</b>
--	--	--	--	---

(\*1) Segundo se establece na cláusula 13.8.A.6 para a comprobación dos orzamentos propostos das partidas relacionadas cos sistemas estruturais en madeira: “O adxudicatario deberá presentar así mesmo o documento coas medicións e presuposto de execución material (PEM) de tódolos proxectos xustificados co seu visado por parte do Colexio Oficial correspondente, ou no caso de obras de edificación da administración pública, co visado realizado propia administración pública”.

Neste caso o licitador presentou os PEM das 3 obras que se detallan a continuación:

RELACIÓN DE OBRAS	
TÍTULO	PEM
1. Restauración da cuberta e claustro da Basílica da Nosa Señora da Asunción de Mondoñedo.	151.088,66 €
2. Construción do edificio de usos múltiples (deportivo e ocio) na Lavacolla, Santiago de Compostela.	20.300,44 €
3. Rehabilitación do edificio “Casa das máquinas”, Santiago de Compostela.	40.293,49 €

Ningún dos PEM presentados contiña o visado do colexio profesional correspondente, nin da administración pública promotora. Non obstante si se incorporaban as certificacións de obra para as obra núm. 1 e 3, asinadas pola dirección facultativa e o contratista.

Polo tanto o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias e sen prexuízo de mellor interpretación da mesa de contratación correspondente, que se poden considerar válidos os PEM acreditados mediante as certificacións de obra achegadas para as obras núm. 1 e 3 (sumando un total de 191.382,15 €), non podendo computarse o PEM da obra núm. 2, por non ter visado colexial, ou da administración promotora, nin certificación de obra, **non quedando xustificada polo tanto a experiencia mínima en edificación con estrutura de madeira para o posto de xefe de obra, por ser inferior o sumatorio dos PEM das obras computables aos 200.000 €.**

(\*2) Consonte á cláusula 6.2.A do PCAP poderase incluír unha única persoa adxunta ao xefe de obra, podendo sumar a súa experiencia ao de xefe de obra, para cumprir coa mínima esixida nos PCAP. A titulación mínima requirida para o adxunto ao xefe de obra é a mesma que para o xefe de obra, é dicir, arquitecto técnico, aparellador ou arquitecto.

Neste caso a titulación do adxunto ao xefe de obra proposto é a de enxeñeiro en obras públicas, **polo que non se debería computar a experiencia achegada deste técnico para**

**as obras de edificación en xeral.** Non obstante o anterior, a experiencia correspondente ao xefe de obra para as edificacións en xeral, supera a mínima esixida nos PCAP.

**(\*3) Non se achegou o título académico deste traballador.**

**(\*4) Polos mesmos motivos que os indicados no apartado (\*1) anterior, non quedou xustificada a experiencia mínima en edificación con estrutura de madeira para o posto de encargado de obra.**

**(\*5) Non se pode computar a experiencia do adxunto ao encargado de obra en edificación en xeral,** debido a que a táboa de datos achegada polo licitador está incompleta, sen indicación do promotor das obras, nin concreción nas datas de inicio e fin das obras. Non obstante o anterior, a experiencia correspondente ao encargado para as obras de edificación en xeral, supera a mínima esixida nos PCAP.

**(\*6) Segundo se establece na cláusula 13.8.A.6 para a comprobación dos orzamentos propostos das partidas relacionadas cos sistemas estruturais en madeira: “O adxudicatario deberá presentar así mesmo o documento coas medicións e presuposto de execución material (PEM) de tódolos proxectos xustificadas co seu visado por parte do Colexio Oficial correspondente, ou no caso de obras de edificación da administración pública, co visado realizado propia administración pública”.**

Neste caso o licitador presentou os PEM das 2 obras que se detallan a continuación, para o posto de montador de estruturas de madeira:

RELACIÓN DE OBRAS	
TÍTULO	PEM
1. Cubrición de pista polideportiva en Mondego, Sada.	42.073,20 €
2. Rehabilitación do edificio “Casa das máquinas”, Santiago de Compostela.	40.293,49 €

Ningún dos PEM presentados contiña o visado do colexio profesional correspondente, nin da administración pública promotora. Non obstante si se incorporaban as certificacións de obra para a obra núm. 2, asinada pola dirección facultativa e o contratista.

Polo tanto o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias e sen prexuízo de mellor interpretación da mesa de contratación correspondente, que se pode considerar válido o PEM acreditado mediante as certificacións de obra achegadas para a obra núm. 2 (sumando un total de 40.293,49 €), non podendo computarse o PEM da obra núm. 1, **non quedando xustificada a experiencia mínima en edificación con estrutura de madeira para os postos de montadores, por ser o número de obras computable inferior a 2 esixidas nos PCAP.**

**B. Medios técnicos e materiais mínimos**

1. Carta-compromiso do provedor da madeira, consonte esta é de orixe galega, coas características esixidas no proxecto e consonte posúe a certificación da cadea de custodia FSC ou PEFC.

**Non se achega.**

2. Carta-compromiso do provedor ou subcontratista de que a madeira a utilizar se vai transformar en madeira contralaminada ou estrutural para cumprir as esixencias do proxecto de obra.

**Non se achega.**

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa OBRAS GALLAECIA S.L., **non queda xustificada a dispoñibilidade dos medios persoais e materiais** que se comprometeu adscribir para a execución do contrato, conforme se sinala na cláusula 13.8 do PCAP para a obra Fase 3: Ampliación do edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario, polos motivos expostos.

Este é o meu informe que, composto de 5 follas numeradas, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra e a súa valoración por parte da Mesa de Contratación, aos efectos oportunos.

-----“

O Pleno da Corporación, en sesión de 13 de xaneiro de 2022, toma coñecemento do dito informe e da tramitación do expediente, e **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** REQUERIR á empresa OBRAS GALLAECIA, S.L, para que no prazo de de 10 días hábiles, a contar do seguinte á notificación do requerimento que se lle envíe, subsane as deficiencias e omisións, que constan especificadas no informe técnico, con obxecto de xustificar debidamente a documentación a que se refire a cláusula 6ª 2 do PCAP.

Notifícase o requerimento á empresa licitadora; que en data 10.02.2022, (registro entrada 202299900000166), presenta a documentación requerida; que se traslada a arquitecto técnico municipal, quen en data 21.02.22 emite o informe seguinte:

“.....

**I.** O día 12.01.2022 emítese informe por parte deste técnico, en relación á documentación presentada pola empresa OBRAS GALLAECIA S.L., para a adxudicación do contrato da obra de ampliación do edificio de usos múltiples para destinalo a centro sociocomunitario. En dito informe se expoñían unha serie de deficiencias detectadas na mencionada documentación.

**I.** O Pleno da Corporación deste Concello, en sesión ordinaria do día 13.01.2022 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Requirir á empresa OBRAS GALLAECIA S.L. para que no prazo de 10 días hábiles, a contar do seguinte á notificación do requirimento que se lle envíe, arranxe as deficiencias e omisións, que constan especificadas no informe técnico, con obxecto de xustificar debidamente a documentación á que se refire a cláusula 6º.2 do PCAP.

**II.** O día 10.02.2022 e con núm. de registro 202299900000166 a empresa licitadora presentou a documentación mencionada no apartado anterior, que foi trasladada a este técnico para o seu informe o día 11.02.2022.

**III.** Revisada a documentación presentada, comprobouse que quedaron corrixidas as deficiencias e omisións detectadas e indicadas no informe técnico do día 12.01.2022, **xustificándose así a dispoñibilidade dos medios persoais e materiais, consonte ao sinalado na cláusula 13.8 do PCAP para a obra Fase 3: Ampliación do edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario.**

**Indicar por outra parte, que a madeira a utilizar na obra deberá ser de orixe local (Galicia) tal e como se indica na cláusula 13.8.B dos PCAP.**

Este é o meu informe que, composto de 1 folla numerada, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra e a súa valoración por parte da Mesa de Contratación, aos efectos oportunos.

...”

Vistos os antecedentes expostos, que consta informe de intervención, previo á adxudicación así como informe favorable da oficina técnica municipal e que a empresa cumpre os demais requisitos para ser adxudicataria do contrato, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.**- Declarar válidas e ratificar cada unha das actuacións efectuadas que aparecen reflectidas no expediente de contratación tramitado.

**SEGUNDO.**- ADXUDICAR o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado: FASE 3: AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO” á empresa OBRAS GALLAECIA SL B70018981, inscrita no ROLECE co número 72667, de acordo coa oferta presentada polo licitador; que é a seguinte:

Prezo sen IVE: 805.297,29€

IVE (21%): 169.112,43€

Prezo total IVE incluído: 974.409,72€

Prazo de execución.- 270 días naturais.

E de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, motivado en que resultou a única empresa licitadora e que a súa oferta se considera poder ser cumprida en base aos informes que constan no expediente e en que a súa oferta non resultou anormal ou desproporcionada.

**TERCEIRO.**- Aprobar o gasto, dispoñendo con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

**CUARTO.**- Nomear como directores de obra aos redatores do proxecto don Sergio Jesús Beceiro Lodeiro e María Rosa Vilas Romalde, da entidade “Estudio Anta Arquitectos S.L.P”. e coma director de execución a arquitecta técnica, Ana Gallego Núñez, COAATAC 2197 que levará a cabo a coordinación de Seguridade e Saúde da obra a executar e notificarlles este acordó..

**QUINTO.**- Notificar este acordo ao adxudicatario para o seu coñecemento e efectos e formalización do oportuno contrato a efectuar dentro do prazo máximo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a áquel no que reciba a notificación da presente adxudicación.

**SEXTO.**- Dar conta do acordo á intervención e tesoureiría municipal aos efectos de que practiquen as anotacións contables que procedan.

**SÉTIMO.**- Publicar anuncio de adjudicación no perfil do contratante desta entidade (PCSP); e unha vez formalizado o contrato, publicar tal acto no dito perfil.

**OITAVO.**- Asinado o contrato o contratista presentará o Plan de Seguridade e Saúde da obra, para a súa aprobación, tralo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime convinte.

*Documento asinado electrónicamente polo sr. alcalde.”*

**Vista a anterior proposta de Alcaldía, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por maioría dos presentes acordou a súa aprobación; arroxando a votación o seguinte resultado:**

***Votos favorables: 10 votos (9 do grupo PSdeG-PSOE) e 1 do grupo CENVAL).***

***Abstencións: 2, do grupo PP.***

***O grupo BNG (1 concelleiro) non asistiu á sesión.***

Rematado o asunto da Orde do Día, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

*/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE./*